

Arquivo de Galicia

## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

### ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

**CÓDIGO DA SERIE:** 14-223

**DENOMINACIÓN:**

Expedientes de contratación de xestión de servizos públicos.

**FUNCIÓN:** Administracións Públicas. Xestión económico-administrativa.  
Contratación e xestión económica.

**ÓRGANO PRODUTOR:**

Consellería de Presidencia. Secretaría xeral Técnica  
(12-02-1982/ 31-01-1983).

Consellería de Presidencia. Dirección Xeral de Servizos. Subdirección Xeral  
de Xestión Económica. Servizo de Xestión Financeira  
(1-2-1983/18-10-1983).

Consellería da Presidencia. Dirección Xeral de Servizos. Subdirección Xeral de Xestión. Servizo Orzamentario e de Coordinación Financeira (19-10-1983/11-1-1985).

Consellería da Presidencia. Dirección Xeral de Servizos e Coordinación Administrativa. Subdirección Xeral de Xestión. Servizo Orzamentario e de Coordinación Financeira (12-01-1985/19-11-1986).

Consellería da Presidencia = Consellería da Presidencia e Administración Pública. Dirección Xeral de Servizos e Coordinación Administrativa. Subdirección Xeral de Xestión. Servizo Orzamentario e de Coordinación Financeira (20-11-1986/13-05-1988).

Consellería da Presidencia e Administración Pública. Dirección Xeral da Inspección Xeral de Servizos e de Coordinación Administrativa. Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa. Servizo de Contratación (14-05-1988/21-05-1990).

Consellería da Presidencia e Administración Pública. Secretaría Xeral Técnica. Subdirección Xeral de Contratación (22-05-1990/17-08-1994).

Consellería da Presidencia e Administración Pública. Secretaría Xeral. Subdirección Xeral de Contratación (18-08-1994/17-12-2001).

Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública. Secretaría Xeral. Subdirección Xeral de Contratación (18-12-2001/03-01-2006).



Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Secretaría Xeral. Subdirección Xeral de Contratación. Servizo de Xestión Económica e Contratación  
(04-01-2006/21-03-2007).

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Secretaría Xeral. Subdirección Xeral de Contratación  
(22-03-2007/25-05-2009).

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Secretaría Xeral. Subdirección Xeral de Contratación  
(26-05-2009/02-02-2011).

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Secretaría Xeral Técnica. Subdirección Xeral de Xestión Económico-Administrativa. Servizo de Contratación  
(03-02-2011/07-12-2012).

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Secretaría Xeral Técnica. Subdirección Xeral de Xestión Económico-Administrativa. Servizo de Contratación  
(08-12-2012/ ).

**DATAS EXTREMAS:**

1982/

No Arquivo de Galicia. Gaiás: 1983/1997.

**CARACTERES EXTERNOS:**

CLASE: Textual, figurativo e dixital.

SOPORTE: Papel e informático.



FORMATO: Expediente.

FORMA: Orixinal.

VOLUME: 9 unidades de instalación / 1,4 m.l. (Arquivo de Galicia. Gaiás).

### **DEFINICIÓN DO CONTIDO:**

Expedientes elaborados no proceso de preparación e adxudicación dunha contratación pola cal a Administración encomenda a unha persoa, natural ou xurídica, a xestión dun servizo público.

Este servizo a contratar debe ter un contido económico que o faga susceptible de explotación por empresarios particulares. Ficarán excluídos desta modalidade de servizos os que impliquen exercicio da autoridade competente aos poderes públicos.

### **LEXISLACIÓN:**

#### **Estatal**

Decreto 932/1965, do 8 de abril polo que se publica o texto articulado da Lei de Bases de Contratos do Estado (BOE núm. 97, do 23 de abril).

Lei 5/1973, do 17 de marzo, de modificación parcial da Lei de contratos do Estado (BOE núm. 69, do 21 de marzo).

Decreto 3410/1975, do 25 de novembro, de aprobación do regulamento xeral de contratación do Estado (BOE núm. 311, do 27 de decembro).

Real decreto legislativo 931/1986, do 2 de maio, polo que se modifica a Lei de contratos do Estado para adecuala ao ordenamento xurídico comunitario (BOE núm. 114, do 13 de maio).

Real decreto 2528/1986, do 28 de novembro, polo que se modifica o regulamento de contratación do Estado para adaptalo ao Real decreto



lexislativo 931/86, do 2 de maio, e ás directrices da Comunidade Económica Europea (BOE núm. 297, do 12 de decembro).

Lei 13/1995, do 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas. (BOE núm. 119, do 19 de maio).

Real decreto 390/1996, do 1 de marzo, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos da Administración pública (BOE núm. 70, do 21 de marzo).

Lei 53/1999, do 28 de decembro, pola que se modifica a Lei 13/1995 do 18 de maio, de contratos das administracións públicas (BOE núm. 311, do 29 de decembro).

Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas. (BOE núm. 148, do 21 de xuño).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (BOE núm. 257, do 26 de outubro).

Real decreto 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública (BOE núm. 62, do 14 de marzo).

Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (BOE núm. 28, do 31 de outubro).



Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (BOE núm. 118, do 15 de maio).

Lei 34/2010, do 5 de agosto, de modificación das leis 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais, e 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa para a adaptación á normativa comunitaria das dúas primeiras (BOE núm. 192, do 9 de agosto).

Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostible (BOE núm. 55, do 5 de marzo). (Modifica a Lei 30/2007 na disposición final 16).

Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector públicos (BOE núm. 276, do 16 de novembro de 2011).

## **Autonómica**

Decreto 199/1995, do 10 de maio, polo que se crea o Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma (DOG núm. 129, 6 de xullo de 1995).

Orde do 23 de outubro de 1995 de desenvolvemento do Decreto 199/1995, do 10 de maio, polo que se crea o Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 216, 10 de novembro de 1995).

Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega (DOG núm. 136, 14 de xullo de 2006).



Orde do 23 de maio de 2008 pola que se regulan os procedementos para a presentación de avais ante a Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia, e para a súa devolución, empregando medios electrónicos (DOG núm. 115, 16 de xuño de 2008).

Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula a factura electrónica e a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos en materia de contratación pública da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e entes do sector público dela dependentes (DOG núm. 15, 25 de xaneiro de 2010).

Orde do 12 de febreiro de 2010 pola que se regulan os procedementos do sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia (DOG núm. 31, 16 de febreiro de 2010).

Orde do 4 de xuño de 2010 pola que se regula a Plataforma de Contratos Públicos de Galicia (DOG núm. 118, 23 de xuño 2010).

Orde do 28 de xullo de 2010 pola que se aproba o sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia e se regula o seu procedemento (DOG núm. 169, 2 de setembro de 2010).

#### **PROCEDEMENTO:**

**(Para os expedientes tramitados de acordo co Decreto 3410/1975, do 25 de novembro, de aprobación do Regulamento Xeral de Contratación do Estado. Derrogado en 1995).**

#### **A. Contratos por concurso e contratación directa.**

- Fase previa: trámites que deben realizarse para preparar o expediente:

---

Arquivo de Galicia. Identificación e avaliación de series documentais.

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

14: Expedientes de contratación de xestión de servizos públicos.



- Xustificación da necesidade do contrato.
- De ser o caso, elaboración e aprobación do anteproxecto de explotación e das obras precisas.
- Cláusulas administrativas de explotación particulares e prescricións técnicas.
- Comprobación da existencia de crédito.
- Fiscalización da intervención.
- Aprobación do gasto.
- Acordo de iniciación.
- Fase de licitación:
  - Publicación do anuncio de contratación nos boletíns oficiais nos casos en que sexa preceptivo (DOG, BOE e DOUE) dependendo da cantidade a contratar.
  - Recepción de proposicións e certificación e das mesmas.
  - Actuacións, de ser o caso, da mesa de contratación.
  - A) Concurso.
    - Apertura das proposicións e comprobación das mesmas.
    - Elaboración da proposta de adxudicación
    - Adxudicación polo órgano encargado de verificar a contratación.
  - B) Contratación directa.
    - Non é necesaria a convocatoria da mesa de contratación.
    - Será preciso a consulta a máis de 3 empresas
  - Adxudicación definitiva.
  - Notificación aos interesados e publicación da resolución de adxudicación nos boletíns oficiais correspondentes (sempre que sexan superiores a 5 millóns de pesetas).
  - Recepción da fianza.
- Fase de contratación:
  - Formalización do contrato
- Fase de execución:





- Execución e, no seu caso, modificación do contrato.
- Pagamento.

## **Para os expedientes tramitados de acordo cos cambios introducidos pola Lei 13/1995, do 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas**

### **B. Contratos por procedemento aberto, restrinxido e negociado.**

- Fase previa: trámites que deben realizarse para preparar o expediente:
  - Xustificación da necesidade do contrato.
  - De ser o caso, elaboración e aprobación do anteproxecto de explotación e das obras precisas.
  - Cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.
  - Comprobación da existencia de crédito.
  - Fiscalización da intervención.
  - Aprobación do gasto.
- Fase de licitación: apertura do procedemento de adxudicación:
  - Publicación do anuncio de contratación nos boletíns oficiais nos casos en que sexa preceptivo (DOG, BOE e DOUE) dependendo da cantidade a contratar.
  - No caso de procedemento negociado sen publicidade, invitación aos licitadores.
  - Recepción de proposicións e certificación e das mesmas.
  - Resolución.
  - Notificación aos interesados e publicación da resolución de adxudicación nos boletíns oficiais correspondentes.
- Fase de contratación:
  - Recepción da fianza.
  - Formalización do contrato.
- Fase de execución:
  - Execución e, no seu caso, modificación do contrato.



- Pagamento.

### **DOCUMENTOS QUE FORMAN A UNIDADE DOCUMENTAL:**

**Para os expedientes tramitados de acordo co Decreto 3410/1975, do 25 de novembro, de aprobación do Regulamento Xeral de Contratación do Estado, derrogado en 1995 (1982/1995).**

#### ***Contratos por concurso e contratación directa.***

- Informe – proposta do servizo interesado na celebración do contrato.
- De ser o caso, anteproxecto de explotación e das obras precisas.
- Informe da Intervención Delegada sobre a suficiencia de crédito.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.
- De ser o caso, prego de prescricións técnicas (se non hai anteproxecto de explotación e das obras).
- Anuncio de licitación no boletín oficial correspondente.
- Proposicións de licitación e outros documentos presentados polos licitadores.
- De ser o caso, convocatorias da mesa de contratación.
- De ser o caso, actas da mesa de contratación.
- De ser o caso, comunicación aos licitadores da apertura dos sobres.
- Informes técnicos de asesores.
- De ser o caso, acta de adxudicación provisional da mesa de contratación.
- Resolución de adxudicación definitiva do contrato.
- Notificación de adxudicación aos licitadores.
- De ser o caso, anuncio de adxudicación nos boletíns oficiais.
- Certificación da retirada dos documentos por parte dos licitadores.
- Dilixencias de devolución de garantías provisionais.



- Certificación depósito da garantía definitiva.
- Xustificantes do abono de gastos de publicación nos boletíns oficiais.
- Contrato informado pola Asesoría Xurídica.
- Acta de recepción provisional.
- Acta de recepción definitiva.
- Facturas.
- Documentos contables RC, A, AD, OK, O, K e ADOK.
- Dilixencia da devolución da garantía definitiva.
- Informe proposta de modificación ou prórroga do contrato (de ser o caso).

**Para os contratos por procedemento aberto, restrinxido e negociado establecidos pola Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas.**

- Informe – proposta do servizo interesado na celebración do contrato.
- Informe da Intervención Delegada sobre a suficiencia de crédito.
- De ser o caso, anteproxecto de explotación e das obras precisas (se non hai anteproxecto de explotación e das obras).
- Prego de cláusulas administrativas particulares.
- Anuncio de licitación no boletín oficial correspondente.
- Documentos de pagamento de taxas por inserción en boletíns oficiais.
- Documentación presentada polos licitadores.
- De ser o caso, convocatorias da mesa de contratación.
- De ser o caso, actas da mesa de contratación.
- \*Comunicación aos licitadores da apertura dos sobres. (Excluído na contratación directa)
- Informes técnicos de asesores.



- De ser o caso, acta coa proposta de adxudicación da mesa de contratación.
- Resolucións de adxudicación do contrato.
- Notificación de adxudicación aos licitadores.
- Anuncio de adxudicación nos boletíns oficiais.
- Certificación da retirada dos documentos por parte dos licitadores.
- Dilixencias de devolución de garantías provisionais.
- Certificado do depósito da garantía definitiva.
- Xustificantes do abono de gastos de publicación nos boletíns oficiais.
- Contrato informado pola Asesoría Xurídica.
- Acta de recepción.
- Facturas.
- Documentos contables RC, A, AD, OK, O, K e ADOK.
- Informe proposta de modificación ou prórroga do contrato (de ser o caso).
- Dilixencia da devolución da garantía definitiva.

## **ORDENACIÓN**

Cronolóxica – numérica.

## **INSTRUMENTOS DE DESCRICIÓN/CONTROL**

Bases de datos do Arquivo de Galicia:

- PR-CTD(77-96)94-98
- PR130(85-98)99-07act

## **ÁREA DE VALORACIÓN**



### **VALOR ADMINISTRATIVO:**

Está vixente durante a tramitación do expediente, o período de garantía e ata o remate dos prazos de pagamentos e durante os 4 anos seguintes como prazo máximo para interpoñer o recurso extraordinario de revisión. Pero, ademais, o artigo 64 do texto articulado da Lei de Contratos do Estado de 1965 establecía que a duración máxima dun contrato de xestión de servizos, incluídas as prórrogas, podía chegar a ser de 99 anos.

Este prazo foi rebaixado a 75 anos na Lei de contratos das administracións públicas de 1995 e modificado en 1999 e regulado de forma máis pormenorizada na Lei 2/2000, do 16 de xuño, que aprobou o seu texto refundido (artigo 157), de forma que a duración máxima, incluídas as prórrogas era a seguinte:

- 50 anos nos contratos que comprendesen a execución de obras e a explotación de servizo público.
- 25 anos nos contratos que comprendesen a a explotación dun servizo público non relacionado coa prestación de servizos sanitarios.
- 10 anos nos contratos que comprendesen a explotación dun servizo público cuxo obxecto consista na prestación de servizos sanitarios sempre que non estivesen comprendidos no primeiro parágrafo.

### **VALOR LEGAL-XURÍDICO:**

Deriva do contrato e dos documentos con el relacionados (pregos de cláusulas administrativas particulares, anteproxectos de explotación e de obras, de ser o caso, e prego de prescricións técnicas) que ligan á Administración co/s contratista/s e constitúen proba de dereitos e obrigas por ambas as dúas partes.



### **VALOR INFORMATIVO - HISTÓRICO:**

Os expedientes deixan constancia dos servizos públicos realizados pola administración (desta forma indirecta) e das empresas adxudicatarias que tomaron parte dos procedementos de contratación. Xa que logo, adoitan ter máis transcendencia como fonte informativa e histórica cá outros tipos de contratos. Ademais, en moitos casos, e dado o longo prazo de vixencia administrativa que poden chegar a ter, a súa conservación é case que “natural” ao adquirir valores históricos sen chegar a perder os seus valores legais e administrativos orixinarios.

### **SERIES RELACIONADAS:**

### **SERIES PRECEDENTES:**

### **SERIES PARALELAS:**

### **SERIES SUBORDINADAS:**

### **SERIES DUPLICADAS:**

### **SERIES DESCENDENTES**

### **DOCUMENTOS COMPILADORES:**

### **ESTIMACIÓN DA FRECUENCIA DE CONSULTA:**

### **ESTIMACIÓN DA FRECUENCIA DE CONSULTA:**

### **PRAZO DE TRANSFERENCIA:**

Ao Arquivo central: aos 5 anos de rematado o trámite administrativo.



Ao Arquivo intermedio/histórico: aos 10 anos do seu ingreso no Arquivo central, de acordo coa proposta de selección que se recolle máis abaixo.

### **RÉXIME DE ACCESO:**

Libre, con carácter restrinxido aos datos persoais conforme á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (art.º 37) a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (art. 11) e ao Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro que aproba o Regulamento que a desenvolve (art. 27).

A liberalización da súa consulta prodúcese aos 50 anos da data do documento, de acordo coa Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español (art. 57).

## **ÁREA DE SELECCIÓN**

### **REFERENCIAS AO DITAMINADO POR OUTRAS COMISIÓNS DE AVALIACIÓN.**

Canarias: conservación parcial tras selección aos 10 anos.

Cataluña: conservación permanente

### **PROPOSTA:**

De acordo cos argumentos expostos acerca do seus valores, propónse a conservación permanente da documentación desta serie en base aos criterios expostos na fase de valoración.



Ao ingresar no Arquivo central, eliminaranse os documentos que acompañan ás proposicións e os documentos acreditativos dos licitadores non seleccionados (poderes persoais, estatutos, DNI, CIF, etc.).

## ÁREA DE NOTAS

- IDENTIFICACIÓN. Procedemento: o procedemento ordinario é mediante concurso (posteriormente aberto ou restrinxido). Excepcionalmente, poderase seguir o procedemento de contratación directa (negociado) para certos supostos:

- a. Servizos respecto aos cales non fose poible promover concorrencia na oferta.
- b. Por imperiosa urxencia, resultante de acontecementos imprevisíbeis para o órgano de contratación, demande una pronta execución e que non poida lograrse polo procedemento de urxencia.
- c. Para a xestión de servizos declarados secretos ou reservados ou cando a súa execución deba ir acompañada de medidas de seguridade especiais (Seguridade do Estado).
- d. Para a xestión de servizos no que o seu orzamento de primeiro establecemento estimase inferior a 30.050,61 euros e o seu prazo de duración fora inferior a cinco anos.
- e. Os anunciados a concurso que no chegaren a adxudicarse por falta de licitadores ou porque las proposicións presentadas non foran declaradas admisíbeis.





f. Os relativos á prestación de asistencia sanitaria concertados con medios alleos, derivados dun convenio de colaboración entre as Administracións Públicas ou derivados dun contrato marco.

- IDENTIFICACIÓN. Procedemento. Modalidades de contratos. A contratación para a xestión de servizos públicos pode adoptar calquera das seguintes modalidades:

1. *Por Concesión*: o empresario xestionará o servizo ao seu propio risco e ventura.

A concesión é a forma paradigmática da xestión indirecta dos servizos públicos. Consiste na transferencia ao xestor indirecto (suxeito privado) de facultades orixinariamente administrativas. O concesionario pode, incluso, ditar, por delegación da Administración titular do servizo, actos administrativos, impugnables en recurso ordinario ou de alzada ante a Administración de cobertura.

2. *Xestión interesada*: a Administración e o empresario participan nos resultados da explotación do servizo na proporción que no contrato estableza.

A xestión interesada é a tradución administrativa do contrato mercantil da parzaría industrial, intermedio entre o contrato de arrendamento e o de sociedade. En definitiva, trátase dun contrato de arrendamento con cláusula de parzaría, de forma que a Administración e o xestor indirecto participen nos resultados da actividade na proporción que no contrato se estableza (ingresos brutos, beneficio neto, etc.).

3. *Concerto*: convenio con persoa natural ou xurídica que veña realizando prestacións análogas ás que constitúen o servizo público do cal se trate.

O concerto implica a unha empresa que realice actividades análogas ás do servizo público do que se trate. O concerto virá suplir a "incapacidade", nun determinado contexto, da Administración para a



prestación dun servizo caracterizado pola interinidade ou transitoriedade.

4. *Sociedade de economía mixta*: aquela na que a Administración participe, por si ou por medio dunha entidade pública, en concorrencia con persoas naturais o xurídicas.

Esta Sociedade implica que a Administración participa parcialmente no capital. Esta participación ten que ser minoritaria pero irá acompañada dos medios precisos para que a Administración teña un certo control da Sociedade. Entre estes medios de control cómpre salientar a posibilidade de nomeamento dun delegado da Administración na Sociedade, con facultades de inspección, de suspensión ou, incluso, de veto de determinados acordos sociais que puideran ser lesivos para o interese público, na forma que determinen os seus Estatutos.

## ÁREA DE CONTROL

**DATA DE ELABORACIÓN:** novembro de 2011.

**REVISIÓN:** outubro de 2013.

